

O dragón comemedo

RuAn



B

BAÍA EDICIONS

**O libro que estás a punto de ler
foi creado exclusivamente para
axudarche a superar o período de
alerta sanitaria decretado polo
gobierno, no marco da nosa campaña
[#euquedolendo](#)[#baíaconnósnacasa](#)**

**Desde Baía Edicións pedimos e
agradecemos que se respecte a obra
da autoría, que tan xenerosamente
prestou o seu ben máis prezado
para o teu benestar.**

Colección Xiz de cor
nº 21

Todos os demais en: www.baiaedicions.net

© Xuño 2009, Baía Edicións
Polígono de Pocomaco, 2ª Avda.
Parcela G-18, Nave Posterior
15190 A Coruña
Tel.: 981 174 296 / Fax: 981 915 698
comercial@baiaedicions.net

www.baiaedicions.net

Distribución:
Consortio Editorial Galego
pedimentos@coegal.com

© Textos e Ilustracións: RuAn, 2009

Impresión:
Grafo, S.A., Basauri

ISBN: 978-84-92630-31-8
Depósito Legal: C 1910-2009

Reservados todos os dereitos. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org), se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

O dragón comemedo

RuAn




BAÍA EDICIÓNs

Sabedes? Aínda que agora xa é moi maior,
Bernal foi neno, e moi medorento.
Cando xogaba ao fútbol fuxía do balón.



Cando unha bolboreta andaba preto
estarecía de medo, e se vía un can
pegaba a correr.



por iso ningún rapaz quería xogar con el...

...fariadelo vós?



Iso está mal, pero todas e todos
facían como que non o vían,
polo que sempre andaba triste.





Unha tarde con moi bo día, xusto deses en que vai sol e vos é unha ledicia andar pola rúa, Bernal camiñaba coa testa gacha, meténdolle patadas ás pobres pedras que nunca se queixaban e... a que non sabedes o que viu?

A cola dun dragón!



Xa sei, pensades que como é un medorento, que o que viu era un lagarto...

...pois non, porque pegadiño á cola había un dragón enorme.

Canto máis medo tiña Bernal, máis crecía o dragón,
e canto máis corría, máis lixeiro andaba o dragón.



por fin, Bernal entrou na súa casa e pensou: “aquí non lle
teño medo a nada”. Pero cando viu a cola do dragón saíndo
pola cheminea pegou un chimpo tras o sofá e comezou a
tremar. De súpeto, decatouse de que o dragón levaba un
monicreque no cabo da cola.




Custoulle un pouco, pero sen
querer empezou a rir das
paifocadas que facía
o dragón coa cola...



... e un anaco despois xa estaba no
sofá pateando coa risa e máis tarde
xogando ao fútbol co dragón.



Deuse conta entón de que xa non tiña medo e que o dragón lle parecía máis pequeno, polo que pensou que era un dragón comemedo. Ti que cres?



O problema veu cando seus pais o viron; entón foron eles os que comezaron a berrar co medo e o dragón a crecer outra vez.




E un feixe de xente comezou a correr tras o dragón que, por non complicar as cousas, fuxía a todo meter porque non tiña ganas de crecer moito.



A xente non paraba de berrar mentres o perseguía.



Bernal decatouse de que el xa non tiña medo, comérao todo o dragón, así que foi ao parque, subiu ao gabeador máis alto, cousa que nunca fixera, e chamou por todos os nenos e nenas, que, abraiados pola súa fazaña, non deixaban de escoitar. Ti tamén o farías, non si?



#baíacomósníCasa

Contoulles como dera co dragón, como xogara con el
e o que pasou cando chegaron seus pais.



Nenas e nenos querían xogar co dragón, así
que correron lixeiros na súa axuda.



Explicáronlle a seus pais que aquel era un dragón bo, un dragón comemedo, e canto máis falaban as nenas e os nenos máis encollía o dragón.



Desde aquel día vive no barrio e fai dieta de medo, agora come medo ás arañas ou aos ratos, os maiores saúdanlo pola rúa e Bernal, que tivo desde aquela moitos amigos e amigas, nunca máis fuxiu dun balón, xa non tiña medo... e ti?



#euquedolendo

#baíaconnósnacasa